



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **28 de decembro de 2011**, adoptou o seguinte acordo:

10.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN”. FASE II. EXPTE. 1081/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil ORECO S.A. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE HUMANIZACION DA RUA ARAGON II FASE, (EXPTE. 1081-440) por un prezo total de 2.250.000 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 125.000 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1081/440	Humanización rúa Aragón. Fase II	licitación	2.500.000,00 €
		adxudicación	2.250.000,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	78.991,60 €	1.021.008,40 €	1.400.000,00 €
Proposta	78.991,60 €	771.008,40 €	1.400.000,00 €

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e oito de decembro do ano dous mil once.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.